

EL MONSTRUO EN LA PIEDRA

247

[Ignasi Duarte, 2016]

PASE ÚNICO EN NUMAX: 17.06.2017 | 19:30 | V.O.

El monstruo en la piedra (2016, 50')

Dirección: Ignasi Duarte

Guión: Ignasi Duarte

Participación: Alberto Laiseca e Ignasi Duarte

Son: Mercedes Tennina, Mathieu Farnarier, Zaki Allal

Montaxe: Andrés Fechtenholz

Fotografía: Andrés Fechtenholz

Produtoras: Bureau Monumental (Francia)

Distribuidora: Ignasi Duarte (España)

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

FID Marseille 2016 (Mención Especial Premio CNAP), Pravo Ljudski Sarajevo 2016 (Sección oficial), Mar del Plata 2016 (Panorama), L'Alternativa 2016 (Premio Panorama), Transcinema 2016 (Panorama), Mostra de Cinema Llatinoamericá de Catalunya (Mención especial)

FILMOGRAFÍA


Montemor, 2012

SINOPSE

Durante toda unha noite e até o amencer, o escritor arxentino Alberto Laiseca accede a responder ás preguntas que formulou a personaxes das súas obras trazando un diálogo entre os personaxes e o seu autor. Neste xogo borgeano, Ignasi Duarte, un entrevistador paradóxico e case invisíbel, crea un espazo onde lida co medo, a morte, o amor e o mito, sen esquecer a cervexa.

«Retrato íntimo e distinto sobre as máscaras e sobre o poder da invención. Unha experiencia luminosa»

Mónica Delgado. DESISTFILM



Presentación e coloquio a cargo do autor.

En colaboración coa Galería Trinta

“O pasado está morto”

Conversa entre Ignasi Duarte e Alberto Laiseca

[*entre paréntese cítanse os libros de Laiseca dos que se extraen as preguntas]

Estás contento? (La hija de Kheops, p.277) Coas cousas en xeral? Non! Pásanme demasiadas cousas fodidas.

Enténdese o por que da desesperación? (Las Sorias, p.24)

Eu si que o entendo... [risas] Porque miro as cousas que me pasan. E desespérame non poder mudalas. Nin soluciónalas. Cada certo tempo fun quen de solucionar algo e iso fíxome moi feliz, mais... Son felicidades que duran pouco tempo, lamentablemente.

Que cousas viches? (Las aventuras del profesor Eusebio Filigranati, p.75)

Aos do outro lado, aos mortos. Ti non os ves? Non? Pois non sei se envexarte... Aparécenseche... Velos aínda que non queiras! Estráñame moito que non os vexas!

Visións? (La hija de Kheops, p.244) Sí, véxoos. E escóitoos. Cada vez hai máis. Entón todo se che fai moi difícil. Ah, eles falan todo o tempo. Hai tantos e están tan preto... O problema é que a xente cre que se protexe non mirando, mais é mentira. Se non os ves atácame igual. E canto mellor persoa sexas máis te van atacar. Son inimigos do ben.

Deixácheste posuír pola Deusa da Loucura? (La hija de Kheops, p.245)

Non, non. Confeso que houbo unha época moi lonxana na que que estaba bastante tolo. Saír dese estado ten unha cousa moi boa: que nunca vas estar tolo! Porque ese lado xa o coñeces. É horribel... Nunca máis!

Que se pode agardar dos demais? (Su turno, p.45)

En xeral, a traizón, pero... con toda honestidade, non creo que sexa sempre así. Sería moi feo da miña parte pensar iso. Agora, a traizón inesperada coñecina de preto. Unha vez un tipo que xa morreu díxome. «Lai, o que máis abunda neste mundo é a traizón e a morte». Ese tipo traizooume.

A onde vai parar o pasado (La mujer en la muralla, p.246)

O pasado está morto. Por iso é que xamais poderá ser construída unha máquina do tempo. A pesar de que algúns científicos digan que cando se domine a tecnoloxía imos poder viaxar ao pasado, iso non é certo. Porque non se pode viaxar ao que está morto. Só fican as memorias iso si. No Universo están as memorias de todo o que ocorreu na creación, tamén aquí. Todo. Mais está morto.

Sabes cal é a peor desgraza que pode ocorrer a un home? (La mujer en la muralla, p.112)

Son tantas que non sei! En Vietnam, por exemplo, ocorreron todas as desgrazas.

Publicado en www.clarin.com/

A arte de filmar a Laiseca

Por Diego Batlle

E agora que? é o último que di Alberto Laiseca a cámara. É o peche perfecto, en medio dunha enceguedora luz diurna que ingresa pola fiestra do cuarto (Duarte acaba de descender as cortinas) e que contrasta coa iluminación artificial (máis ben lúgubre) que até entón tivera *El monstruo en la piedra*. O director de *Montemor* propón unha sorte de xogo/ exercicio ao escritor arxentino: todas as preguntas que lle fan foron escritas nalgún momento polo propio Laiseca. A aposta narrativa é sinxela: as dúas cámaras sempre encadrando en dous cuartos a figura do autor, que aos seus 75 anos non para de fumar e tomar cervexa mentres fala sobre (a súa) literatura, os mitos ou os amores perdidos e a soidade. A mestura de erudición e de filósofo de barrio, a súa voz grave, o seu don para a narración e a súa permanente negrura fan destes 50 minutos unha experiencia fascinante, embriagadora e borgeana.

Publicado en www.otroscines.com/
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

La mujer en la muralla,
Alberto Laiseca. Tusquets, 2002

La hija de Kheops,
Alberto Laiseca. Tusquets, 2006

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

